

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e impedir a súa instalación **(10/PNC-004280) doc.53713**

Emenda de modificación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación aos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela proxectados pola entidade ENEL, na provincia de Lugo, a adoptar cantas medidas sexan necesarias para extremar a protección das vivendas que puidesen resultar afectadas como consecuencia da instalación dos ditos parques eólicos e de todos os elementos medioambientais e patrimoniais na zona, especialmente o Camiño de Santiago.”

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo. Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 17:21:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 17:21:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión do lixo urbano no concello da Coruña na planta de Nostián e o proxecto de construción dun novo vaso no centro xestor das Pías, en Sobrado dos Monxes **(10/PNC-004326) doc. 54405**.

Emenda de modificación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á planta de tratamento de residuos de Nostián,, a traballar xuntamente e con axilidade co Concello da Coruña na procura dunha solución alternativa para os rexeitos que superan o COD na actualidade, en tanto non se procede ao peche do terceiro vaso xa proxectado e á construción da nova planta.”

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo. Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 17:32:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 17:33:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Mixto con número de rexistro **52223 (10/PNC-004168)**, que figura na orde do día da Comisión 2^a, prevista para o vindeiro 13 de setembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir un punto 3 co seguinte texto:

“3. Demandar do goberno do estado o abandono inmediato do uso de pesticidas e herbicidas nas marxes das estradas da súa rede viaria en Galiza, tanto cando o realice por medios propios como cando o faga mediante contrato de concesión.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 17:37:50

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 17:37:57



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Mixto **(10/PNC-004168) (52223)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da aplicación de herbicidas nas marxes das estradas de titularidade autonómica para a eliminación de mato

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Avaliar alternativas que permitan reducir progresivamente o uso de herbicidas no control da vexetación das marxes das estradas da súa rede viaria para que, no caso de que sexa viable, se restrinja a súa utilización a aquelas zonas onde sexa necesario para garantir a visibilidade da estrada e, polo tanto, de acordo a criterios de seguridade viaria.
- 2.- De xeito análogo, solicitar ao Ministerio de Fomento e ás Deputacións Provinciais, así como aos Concellos, que avalíen alternativas que permitan reducir progresivamente o uso de herbicidas no control da vexetación das marxes das estradas da rede viaria da súa competencia, de acordo a criterios de seguridade viaria”.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:52:15
Nº Rexistro: 55602
Data envío: 12/09/2019 17:52:15.995

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/09/2019 17:33:27

Gonzalo Trenor López na data 12/09/2019 17:34:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRODIdq989f99
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia(**10/PNC-004327**) **54412** sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha nova política ambiental poñendo en marcha, antes do remate de 2019, un plan Renove para electrodomésticos

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a creación dun programa de axudas para as familias co obxectivo de renovar os electrodomésticos dos fogares cara a máquinas máis eficientes, contribuíndo á redución da factura eléctrica, o consumo de enerxía e das emisións de CO2.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/09/2019 17:49:06

Jacobo Moreira Ferro na data 12/09/2019 17:49:49



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-004300 (54013)**, sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego diante do anuncio do Ministerio de Fomento de cobrar peaxe nas autovías, así como para conseguir a transferencia da titularidade a AP-9

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:

- 1.- Un compromiso expreso de que non se van a aplicar novas subidas extraordinarias nas peaxes da AP-9.
- 2.- Un compromiso claro de que as novas obras acometidas en relación á autoestrada non sexan financiadas con cargo a novos incrementos de peaxes aos usuarios. Neste sentido, debe proceder á contratación e execución das obras comprometidas para a mellora das conexións da autoestrada (Alfonso Molina na Coruña, Enlace Orbital en Santiago, Nó de Bombeiros en Pontevedra, medidas compensatorias en Chapela, e integración urbana do ramal de entrada a Vigo).
- 3.- A autorización da conexión da Vía Ártabra coa AP-9.



4.- A activación á maior brevidade da liberación da peaxe entre Redondela e Vigo comprometida polo Ministerio de Fomento.

5.- A posta en marcha un sistema de bonificación de peaxe para usuarios frecuentes de, cando menos, o 25% do itinerario de ida e volta e que extrapole o modelo de bonificacións das autoestradas autonómicas ás autoestradas estatais”.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/09/2019 17:34:38

Martín Fernández Prado na data 12/09/2019 17:35:15

